

## UN PEQUENO APUNTAMENTO HISTÓRICO: CONSELLOS DO PROFESOR RICHARD ERNST A NOVOS ESTUDANTES GALEGOS.

*Constantino Armesto Ramón*

*Instituto Illa de Tambo de Marín*

Comezo cunha confesión. Lía con satisfacción o magnífico Boletín das Ciencias de **ENCIGA** nº. 70 (xullo 2010), coordinado por Xabier Cid e Ramón Cid, cando se me ocorreu, ao ler os nomes de Jack Steinberger e Sheldon Lee Glashow como autores de sendos artigos, que algún meticuloso historiador da física do futuro podería usar a revista para precisar algún detalle sobre a biografía dos dous premios nóbeles citados. Decidí entón actuar de humilde notario e escribir o que segue.

Corría o día 25 de xaneiro do 2008 e convocábasenos para liquidar a Asociación dos Ensinantes de Ciencias de Galicia. A traca final, como o último canto dun cisne, era maxestosa, consistía nunha charla do profesor Richard Ernst, premio Nobel de Química no ano 1991. A conferencia, que se daba nun instituto de Carballo, resultou extraordinaria. Pareceume especialmente emotivo o momento no que apareceu na pantalla unha diapositiva: o Nóbel pola súa contribución á resonancia magnética nuclear presentaba unha imaxe de seu cerebro realizada coa técnica de resonancia magnética nuclear, e, sobre ela, prognosticaba o fallo fisiolóxico que probablemente lle causaría a morte. Despois, e mentres o presidente de **ENCIGA** de entón cumprimentaba ao ilustre conferenciante, ocorrúeseme pedir ao profesor Ernst que escribise unhas palabras para os alumnos de bacharelato do Instituto de Marín; e xa entrados en materia, seis socios de **ENCIGA** solicitaron ao magistral profesor que se deixase fotografar con eles. Considero que paga a pena publicar a carta que o doutor Ernst escribiu no reverso da contraportada dun boletín das ciencias de **ENCIGA**, concretamente do número 65 (decembro de 2007).

Carballo , 25-1-2008

Some advices of an elderly man for young students :

1. Be always honest to you self  
be critically observing what you are doing and how you affect your environment.
2. Try always to work for the sake of society and do not think too much about your personal profits
3. Whatever you do, do it as well as ever possible. It matters less what you do than how you do it.

These are a few advices that might help you on your way through life. Richard H. B.

*Carballo, 25-1-2008*

*Algúns consellos dun señor entrado en anos a novos  
estudantes.*

*Se sempre honrado contigo mesmo. Se autocrítico co que  
fas e en como afecta o que fas ao teu ámbito.*

*Intenta sempre traballar en favor da sociedade e non  
penses demasiado no teu proveito persoal.*

*Fagas o que fagas, faino da mellor forma posible.  
Importa menos o que fas que como o fas.*

*Estes son uns cantos consellos que poderían axudarche  
no teu camiño pola vida.*

*Richard Ernst*

O manuscrito orixinal encóntrase, enmarcado, no laboratorio de Física e Química do Instituto Illa de Tambo, de Marín e Javier Otero, profesor de inglés do Instituto, fixo a tradución da carta amentada.

Sobra dicir que, para gozo de todos os seus socios, **ENCIGA** non se liquidou e a súa saúde é tan boa como nos permite comprobar o monográfico que puidemos ler en xullo de 2010.



Con Richard Ernst no centro, de esquerda a dereita: José M. Facal, Anxo Freire, José García, José Mendoza, Luis Fernández e Constantino Armesto (autor deste artigo).